

February 20, 2013

Ribeira: a asociación Altofalante homenaxea a Rosalía este sábado 23 de febreiro



[Download full size \(38 KB\)](#)

Santiago Páramo



Carlos Callón

Ribeira, 20 de febreiro de 2013. A asociación cultural Altofalante organiza unha homenaxe a Rosalía de Castro este sábado 23 ás 19:00h na Casa do Pescador de Ribeira. O acto realízase co gallo do 150 aniversario de Cantares Gallegos, a primeira grande obra da literatura galega contemporánea, e encádrase dentro dun movemento expansivo promovido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que pretende coorganizar unha lectura de rosaliana simultánea ao longo de numerosos concellos de Galiza (<http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=278>).

A actividade, presentada polo presidente de Altofalante, Carlos Lixó,

consistirá na lectura do Manifesto da AELG e no recital de textos da autora escolleitos por persoas diversas, quen tentarán achegar as súas propias percepcións, ben dos textos seleccionados ben do que para eles representa Rosalía como figura. Polo de agora está confirmada a participación de 10 persoas (Santi Páramo, Lola Outeiral, Carlos Callón, Elvira Blanco, Pili Pereiro, Raquel Xallas, Pacucha Rey e as nenas Uxía, Iria e Alejandra), porén aínda quedan asistencias por confirmar. Tamén haberá unha actuación musical de Pepe Romero.

Ademais de tentar achegar a literatura galega a toda a xente (de aí a natureza aberta e plural do acto), "o noso obxectivo é reivindicar a Rosalía loitadora, feminista e nacionalista. Isto é unha resposta social á interpretación dos sectores máis reaccionarios e españolistas, que baldeiran a autora do seu contido caracterizándoa como folclórica e choromiqueira. Nós cremos que hoxe en día é máis importante ca nunca exaltar a figura das mulleres que se rebelan contra a sociedade patriarcal na que vivimos e, moi especialmente, a figura das galegas que se negan a renunciar á súa identidade nacional", sinala Carlos Lixó, quen convida a todo o mundo a asistir e desfrutar deste acto.

Noutros concellos:



- Noia: **este sábado 23, conferencia sobre Rosalía e Cantares Gallegos**



- Rianxo: **Rosalía será protagonista 20 e 23**